

Circular informativa. Curso 2020-2021

M. Ángeles Fernández Sotelo

Departamento de Estadística, Análise Matemática e Optimización

Facultade de Matemáticas. Universidade de Santiago de Compostela

Tfno: 881813210. Correo electrónico: mangeles.fernandez.sotelo@usc.es

Estimadas/os compañeiras/os:

Como directora do Grupo de Traballo de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, desexo saudaros de novo e dicirvos que estou á vosa disposición para calquera información que precisedes, así como para calquera suxestión que queirades facer.

Cara o novo curso, comentar que todo será similar ao curso pasado como aparece nas informacións relativas a:

- Orientacións xerais
- Criterios xerais de avaliación
- Modelo de exame

No documento “Orientacións xerais” tratamos de orientar tanto ao profesorado como ao alumnado sobre os coñecementos mínimos que se deben alcanzar nos distintos bloques que se avaliarán.

No documento “Criterios xerais de avaliación”, descríbese a estrutura da proba, que constará de seis exercicios (dous do bloque de Álgebra, dous do bloque de Análise e dous do bloque de Probabilidade e Estatística), dos cales o alumno terá que elixir un máximo de tres que terán a mesma valoración máxima (3,33 puntos). Sería conveniente que comentedes coas/cos alumnas/os os Criterios xerais de avaliación da proba, e tamén informalos de que se realizan máis de tres exercicios, só se avaliarán os tres primeiros que realicen.

O “Modelo de exame” proposto é indicativo tanto do contido a avaliar como do tipo de proba, que polas circunstancias sanitarias que persisten, este curso 2020-2021 será **similar ao do curso pasado.**

De novo reitero, non dubidedes en contactar comigo ou con algún membro do Grupo de traballo para calquera aclaración.

Recibide un saúdo moi cordial, moitos ánimos e saúde para todos.

Santiago de Compostela, Outubro de 2020